

# DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

## GUIÁ DE BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS XERAIS

### LABORATORIOS



Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darrle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a Deputación de Pontevedra asumiou como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial que inclúe a totalidade dos servizos realizados neste centro: **Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.**

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa mellora continua do comportamento ambiental e segundo os seguintes principios:

- **Garantir o cumprimento dos requisitos legais** e doutros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental

- **Sensibilizar e formar** permanentemente as persoas, motivándoas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios

- **Protexer o medio ambiente:**

o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:

- Cun uso sostible dos recursos
- Coa redución das emisións atmosféricas
- Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados

o Comprometéndose coa prevención da contaminación

- **Establecer obxectivos e accións** de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos

A Presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.


## PAPEL

- Utiliza papel reciclado ou libre de cloro elemental, ou papel usado, para imprimir documentos de proba
- Imprime por ambas as caras
- Usa a vista previa antes de imprimir un documento para detectar posibles erros
- Imprime en branco e negro, a dobre cara e con papel de baixa gramaxe a documentación de uso interno e sempre que sexa posible. Predetermina este tipo de impresión no teu ordenador. Así mesmo, reduce marxes, tipos de letra e entrelíñados para non utilizar varias follas
- Utiliza informes dixitais sempre que sexa posible



## **CONSUMO DE AUGA**

- Comproba periodicamente os sistemas de subministración de auga para detectar fugas
- Instala billas de alta eficiencia
- Selecciona equipos con baixos requerimientos hídricos
- Pecha ben as billas despois de usalas
- Non utilices o desaugadoiro como unha papeleira
- Escolle opcións de limpeza adecuadas, como, por exemplo, non utilizar deterxentes para produtos non graxos
- Reutiliza a auga da limpeza
- Substitúe a refixeración mediante auga por arrefriadores, cando sexa posible



## PRODUTOS QUÍMICOS

- Substitúe produtos tóxicos por outros que o sexan menos
- Escolle métodos que requiran menos cantidade de químicos
- Compra segundo a demanda real para evitar acumular unha gran cantidade de produtos


## COMPRA VERDE EN LABORATORIOS

Compra verde é un conxunto de procesos nos cales os laboratorios buscan bens e servizos de baixo impacto ambiental ao longo do seu ciclo de vida; utilizando o poder de compra para elixir este tipo de bens e servizos pódese contribuir de forma importante ao consumo e á produción sostibles.



## **ENERXÍA ELÉCTRICA**

- Desenchufa o equipo de laboratorio (GC, ICP, incubador, forno, centrífuga, reactor, destilador, sistema de tratamiento de auga destilada etc.) cando non se vaia usar durante un longo período de tempo
- Programa o apagado automático do equipamento de laboratorio, cando sexa posible
- Optimiza o uso de equipos de aire acondicionado
- Aplica técnicas de aforro de enerxía nos ordenadores
- Selecciona equipamento de laboratorio de alta eficiencia enerxética
- Aproveita ao máximo a luz natural; adapta a iluminación ás necesidades lumínicas de cada área do laboratorio





## RESIDUOS

### RESIDUOS ASIMILABLES A URBANOS

- Dobra o cartón antes de introducilo no contedor de papel e cartón
- Deposita no contedor amarelo os envases, baleiros e limpos, que non conteñan substancias perigosas e reduce ao máximo o seu volume
- Evita ou minimiza o uso de plástico
- Deposita os recipientes de vidro baleiros, limpos e sen tapas no contedor de vidro



**REDUCE**



**REUTILIZA**



**RECICLA**



## **RESIDUOS**

### **RESIDUOS PERIGOSOS**

- Non vertas, tires ou abandones de forma incontrolada estes residuos; entrégallos a un xestor autorizado
- Nunca tires residuos líquidos polo vertedoiro
- Non debes reutilizar os envases baleiros de produtos perigosos; perfóraos ou esmágaos ata a súa entrega definitiva para evitar confusións
- Separa os residuos perigosos líquidos en orixe:
  - o Disolventes haloxenados
  - o Disolventes non haloxenados
  - o Disolucións acuosas ácidas
  - o Disolucións acuosas básicas
- Mantén os contedores de residuos perigosos pechados
- Manexa os residuos almacenados con coidado para non danar contedores e evitar derrames
- Indica na etiqueta a data de inicio de almacenamento; é dicir, na que se deposita o primeiro residuo
- O almacenamento temporal dos residuos perigosos ata entregárllos a un xestor autorizado non superará en ningún caso os 6 meses
- Se tes dúbidas sobre a perigosidade dun producto, consulta a súa etiqueta ou ficha de datos de seguridade


## **EMISIÓNES ATMOSFÉRICAS**

- Utiliza campás extractoras con filtros adecuados en función do tipo de composto emitido
- Reduce a emisión de vapores nocivos controlando a cantidade de químicos utilizados
- Instala tapóns de seguridade para botellas de fase móbil en equipos LC-MS para evitar a emisión de vapores
- Inspecciona e realiza un mantemento regular dos equipos de filtración (campás de gases/vitrinas), dos equipos de aire acondicionado e dos vehículos



## ALMACENAMENTO DE PRODUTOS QUÍMICOS

- Separa os produtos químicos segundo incompatibilidades
- Almacena os produtos químicos nunha habitación separada, segura e apropiada, ben ventilada e con acceso restrinxido
- Illa ou confina determinados produtos (en cabinas de seguridade)
- Non sobrecargues os andeis
- Almacena os produtos en contedores resistentes, nunha altura por debaixo do ombro
- Usa cubetas e bandexas antiderramamento para produtos líquidos
- Usa salas refrixeradas ou conxeladores para os produtos que o requiran
- Limpa correctamente a zona de almacenamento
- Dispón de información relativa ao manexo, ao uso e aos riscos
- Controla as cantidades: reduce as existencias ao mínimo necesario para evitar a súa acumulación



Fontes:

- *Guía de prácticas ambientalmente sostenibles en laboratorios.* ECVET-Lab, Erasmus+ e Comisión Europea

